

CAMPIONATO GALEGO DE 5 QUILÓMETROS EN RUTA

Maceda, 19 de xuño de 2011

O Concello de Maceda, en colaboración co Club Ourense Atletismo Academia Postal e a Delegación da Federación Galega de Atletismo en Ourense, organizan a segunda edición do **CAMPIONATO GALEGO DE 5 QUILÓMETROS EN RUTA ABSOLUTO, IUNIOR, PROMESA, E VETERÁNS**, o próximo domingo, 19 de xuño, na localidade de Maceda. Os atletas que desexen competir neste evento deberán suxeitarse ao presente REGULAMENTO.

1. Os atletas interesados en participar no **Campionato Galego** deberán estar en posesión da correspondente licenza federativa (autonómica ou nacional). A participación destes atletas se rexerá polo disposto na **Circular 43/2011** da Federación Galega de Atletismo.
2. Tódalas probas do programa de competición se disputarán nun circuíto homologado de 1 quilómetro de lonxitude (ida e volta a unha recta de 500 metros).
3. Se establecen as seguintes categorías para as probas excluídas do Campionato Galego:
 - a. Pitufo (atletas nad@s en 2006 e posteriores)
 - b. Prebenxamín (atletas nad@s en 2004 e 2005)
 - c. Benxamín (atletas nad@s en 2002 e 2003)
 - d. Alevín (atletas nad@s en 2000 e 2001)
 - e. Infantil (atletas nad@s en 1998 e 1999)
 - f. Cadete (atletas nad@s en 1996 e 1997)
 - g. Xuvenil (atletas nad@s en 1994 e 1995)
 - h. Iúniors (atletas nad@s en 1992 e 1993)
 - i. Promesa (atletas nad@s en 1989, 1990 e 1991)
 - j. Senior (atletas nad@s en 1988 e anteriores, ata veteráns)
 - k. Veteráns A (de 35 a 44 anos)
 - l. Veteráns B (de 45 a 54 anos)
 - m. Veteráns C (de 55 a 64 anos)
 - n. Veteráns D (de 65 anos en adiante)
4. Se disputarán un total de **SEIS carreiras mixtas**, nos horarios e coas distancias seguintes:

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA	VOLTAS
11:00	Infantil – Cadete – Xuvenil	2.000 metros	2 voltas
11:15	Benxamín – Alevín	1.000 metros	1 volta
11:30	CAMPIONATO GALEGO	5.000 metros	5 voltas
12:05	Pitufo	100 metros	
12:15	Prebenxamíns	300 metros	
12:30	PROBA POPULAR	5.000 metros	5 voltas

13:00 ENTREGA DE TROFEOS

5. A proba estará controlada polo Comité Galego de Xuíces e Cronometradores da Federación Galega de Atletismo. Asemade, tódolos participantes (excepto Pitufo e Prebenxamíns) portarán un Chip de control que se entregará conxuntamente co dorsal asignado, que non poderá ser manipulado, e que será devolto á organización ao remate de cada proba.
6. As probas de Pitufo e Prebenxamíns NON serán competitivas, polo que non se realizará unha clasificación ao remate das mesmas. Tódolos participantes destas categorías serán agasallados cunha medalla ao rematar a proba, e poderán ser acompañados polos seus pais ou nais no percorrido.

CAMPIONATO GALEGO DE 5 QUILÓMETROS EN RUTA

Maceda, 19 de xuño de 2011

7. As inscricións para o Campionato Galego deberán ser formalizadas polos clubs directamente no sistema online da páxina web da Federación Galega de Atletismo como data límite o **15 de xuño, ata as 20:00 horas**. Para o resto dos participantes, as inscricións deberán ser formalizadas a través da páxina web www.turesultado.es, rematando o prazo de inscrición o xoves, 16 de xuño, ás 20:00 horas.
8. A entrega de dorsais se realizará o sábado 18 de maio na carpa de Secretaría, debidamente sinalada nas Piscinas Municipais de Maceda, desde as 17:30 ata as 20:30 horas, e o domingo día 19 de maio desde as 9:30 ata as 10:30 horas.
9. As posibles reclamacións deben ser feitas ao Xuíz Arbitro da competición, non mais tarde de 30 minutos despois da comunicación oficial dos resultados.
10. Todo o non dispuesto neste Regulamento rexerase polas Normas de Competición da FGA, RFEA ou IAAF para a presente tempada. Tódolos participantes, polo mero feito de tomar parte na competición, deberán acatar e cumplir o presente Regulamento.

